

IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS 6 MARZO 2022

*Deus ten un proxecto
de VIDA para min que me eleva
(ELEVAnxeo)*

1. VER: A Coresma

- **Iniciamos a Coresma:** Cando? Que é? Canto dura? Que pretendemos? A Coresma, é como unha viaxe de 5 semanas, son 40 días preparando a Semana Santa, cambiando a nosa vida, dándolle un envorco á nosa vida. Utilizamos a cor morada, a cor da espera de Xesús. Fano pon como lema para esta viaxe: **“Xuntos cara ao alto”**. Imos xuntos, en sínodo e cara ao alto, elevándonos co evanxeo.

Que é a Coresma? Que vas meter na túa mochila para a viaxe?

2. XULZGAR: Xesús ofréceme un proxecto que me ELEVAnxeo

- No 1º domingo de Coresma, Xesús,** no evanxeo dinos que el, antes de empezar a súa misión foi ao deserto durante 40 días. Alí **“deixouse tentar por Satán”** e logo comezou a predicar: **“está cerca o reino de Deus, convertédevos e crede no Evanxeo”**.

Lc. 4,1-13, película: <http://youtu.be/vyoch35Nzk8>

Cousas de Deus, A Coresma:

<https://www.youtube.com/watch?v=q5LUTws4KrE>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Esta Coresma, en 5 etapas, imos ir cara ao alto pola escaleira que se nos propón ata chegar á celebración da Resurrección de Xesús. Nesta 1ª semana, a das tentacións, esforzarémonos en **SUBIR**, elevar a vida.
- Todas as tentacións fannos mirar cara abaixo, subimos ao alto dos nosos ídolos e miramos cara abaixo ás persoas e ás cousas, poñéndoas á nosa disposición, utilizándoas, degradándoas.
- **Xesús sofre** tres tentacións, tres probas. A 1ª é a de TER, de acaparar cousas. A 2ª é a de PODER: dominar aos demais. A 3ª é a de VENCER: triunfar, poñerse sobre os outros. Servir, ser pan para o que pasa fame; gañar para os que non teñen; utilizar o poder que teñamos para ofrecernos aos outros. Este é o camiño da PAZ.
- Xesús convídanos a SUBIR, a mirar cara arriba, a levantar a mirada, a deixarnos guiar polo EVANXEO que nos eleva cara a Deus, cara a unha vida de fillos de Deus. Como miramos cara arriba? Lendo e meditando o evanxeo, descubriendo nel o proxecto de VIDA que Deus ten para nós. Na imposición da cinza, a cruz na fronte será o sinal de que queremos saír, subir, mirar ao evanxeo, renovar a nosa vida.

Servir ao diabo, Verbo Divino 2022, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=7fO983P300Q>

Cales son as túas tentacións? Como superalas?

3. ACTUAR: Servir, o antídoto contra a tentación.

- Atrévete a camiñar polo deserto, inicia o camiño da conversión (cambio) practicando o servir a Deus e aos irmáns. Non vas só, vas acompañado, ponte “en onda”, ora, dálle cobertura total ao Espírito para captar as súas mensaxes no EVANXEO. - Descubre o proxecto que Xesús ten para ti, trata de vivilo, bota fóra o que che estorba.

Corenta días camiñando, canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=NgyzpzdgUpE>

Que vas facer estes 40 días? Que vas cambiar?

LECTURAS

- **DEUTERONOMIO 26, 4- 10:** *Profesión de fe do pobo escollido.*

Moisés falou ao pobo, dicindo: «O sacerdote tomará da túa man a cesta coas primicias de todos os froitos e poñeraa ante o altar do Señor, o teu Deus.

Entón tomarás a palabra e dirás ante o Señor, o teu Deus:

“O meu pai foi un arameo errante, que baixou a Exipto, e estableceuse alí como emigrante, con poucas persoas, pero alí converteuse nun pobo grande, forte e numeroso. Os exipcios maltratáronnos, oprimíronnos e impuxéronnos unha dura escravitude. Entón clamamos ao Señor, Deus dos nosos pais, e o Señor escoitou os nosos berros, mirou a nosa indefensión, a nosa angustia e a nosa opresión.

O Señor sacounos de Exipto con man forte e brazo estendido, no medio de gran terror, con signos e prodixios, e tróuxonos a este lugar, e deunos esta terra, unha terra que mana leite e mel.

Por iso, agora traio aquí as primicias dos froitos do chan que ti, Señor, me deches”. Poñeralos ante o Señor, o teu Deus, e prostraraste en presenza do Señor, o teu Deus».

Palabra do Señor.

- **SAL. 90:**

Queda comigo, Señor, na tribulación.

- **ROMANOS 10, 8-13:** *Profesión de fe do que cre en Xesucristo*

• **LUCAS 4, 1-13:** *O espírito foino levando polo deserto, mentres era tentado.*

Narrador: Naquel tempo, Xesús, cheo do Espírito Santo, volveu do Xordán e o Espírito foino levando durante corenta días polo deserto, mentres era tentado polo diaño. En todos aqueles días estivo sen comer e, ao final, sentiu fame. Entón o diaño díxolle:

Diaño: -«Se es Fillo de Deus, di a esta pedra que se converta en pan».

Narrador: Xesús contestoulle:

Xesús: -«Está escrito: **“Non só de pan vive o home”**».

Narrador: Despois, levándoo ao alto, o diaño mostroulle nun instante todos os reinos do mundo e díxolle:

Diaño: -«Dareiche o poder e a gloria de todo iso, porque a min foime dado, e eu douno a quen quero. Se ti te axeonllas diante de min, todo será teu».

Narrador: Respondendo Xesús, díxolle:

Xesús: -«Está escrito: **“Ao Señor, teu Deus, adorarás e a el só darás culto”**».

Narrador: Entón levouno a Xerusalén e púxoo no beirado do templo e díxolle:

Diaño: -«Se es Fillo de Deus, tírate de aquí abaixo, porque está escrito: “Deu ordes aos seus anxos sobre de ti, para que te coiden”, e tamén: “Sosteranche nas súas mans, para que o teu pé non tropece contra ningunha pedra”».

Narrador: Respondendo Xesús, díxolle:

Xesús: -«Está escrito: **“Non tentarás ao Señor, o teu Deus”**».

Narrador: Acabada toda tentación, o demo foise ata outra ocasión

Palabra do Señor.

(Narrador-Diabo-Xesús).